

APERTURA DA LISTA ÚNICA DE PERSOAL DE LIMPEZA E COCIÑA

Santiago de Compostela 17/04/2023

A Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal, informou hoxe ás OOSS que vindeiro mércores 19 de abril, publicarase no DOG a Resolución pola que se acorda a apertura da **LISTA ÚNICA DA ESCALA DE PERSOAL DE LIMPEZA E RECURSOS NATURAIS E FORESTAIS, ESPECIALIDADE DE PERSOAL DE LIMPEZA E COCIÑA.**

O prazo de **inscrición** para a elaboración da lista única está **previsto unicamente:**

1. Para as **persoas que están admitidas** nas listas de contratación temporal de **categorías profesionais laborais equivalentes (V-001 e V-011).**
2. E que **non figuren penalizadas o 15/07/2014 ou con anterioridade** en todas as listas nas que figuren inscritas das categorías profesionais laborais equivalentes (**V-001 e V-011**) ao corpo, escala ou especialidade de persoal funcionario na que instan a inclusión.

O prazo para a **presentación de instancias** comezará o día **20 de abril** e finalizará o **11 de maio de 2023.**

